

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE MAIO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 8 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de maio de 2019, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 2a e 3a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **13.- Dar conta da interposición/resolución de recursos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210)**

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación presentado por D. Daniel Tosca Martínez, en nome e representación de 89 PLUS, S.L., o 23 de abril de 2019 contra o prego de cláusulas administrativas particulares.

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre 1 "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO
2. ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.
3. ESTELA RIAL ABALDE
4. OBDULIA LASTRA FRANCISCO
5. RICARDO SANTIAGO DAPONTE
6. MANUEL LAGO CHAPELA

- b) Outorgar un prazo de tres días a D<sup>a</sup>. MÓNICA VILLAR RAMIRO para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, deberá achegar a declaración responsable conforme ao Anexo I do prego, así como o xustificante de depósito da garantía provisional para o lote/s a/os que se presentou. Lémbrese que a data do xustificante non poderá exceder do último día do prazo de presentación de ofertas (6 de maio de 2019).

### **b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

### **3.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo para a emenda da documentación persoal a un dos licitadores.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### Integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### 8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo" (18.041-333) (informe proposición avaliable a través de fórmula)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 30 de abril de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable a través de fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### 9.- Propostas de clasificación/clasificación

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo" (18.041-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo" (18.041-333) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TEAM RELAY, S.L.	100
2	SOLIMUSIC, S.L.U.	79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
4. Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta.

## 10.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 17 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de abril de 2019:*

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) na seguinte orde descendente:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitadores	Puntuación
1	<b>CIVIS GLOBAL, S.L.U.</b>	<b>96,61</b>
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,35
3	ORECO, S.A.	93,12
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,43
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,10
6	NAROM, S.L.	85,12
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	85,09
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	83,05
9	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	78,69
10	HORDESCON, S.L.	77,78
11	ELSAMEX, S.A.	76,30
12	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	66,42
13	NATURGALIA, S.L.	43,20

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 24 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 3 de maio de 2019, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 8 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 de marzo e 5 de abril de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adjudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) por un prezo total de 559.274,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 97.064,14 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

## 12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

### a) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 6 de maio de 2019 que se transcribe a continuación:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



*de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 16-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da "O alleamento, segundo as necesidades do Parque Central, e nas preceptivas condicións de seguridade legalmente establecidas de vehículos cualificados como efectos non utilizables por non ser aptos para o servizo ao cal se atopaban afectos debido ao seu estado de deterioro ou por graves deficiencias técnicas e de residuos metálicos procedentes de mobiliario urbano, cable eléctrico, utillaxe e ferramentas de traballo. EXPTE. 13393-445" que rematou o día 3 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta".*

En base ao anterior a Mesa acorda formular a seguinte proposta:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 11 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 16 de abril de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 3 de maio de 2019.

**Terceiro.-** Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 6 de maio de 2019:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 16-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da "O alleamento, segundo as necesidades do Parque Central, e nas preceptivas condicións de seguridade legalmente establecidas de vehículos cualificados como efectos non utilizables por non ser aptos para o servizo ao cal se atopaban afectos debido ao seu estado de deterioro ou por graves deficiencias técnicas e de residuos metálicos procedentes de mobiliario urbano, cable eléctrico, utillaxe e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ferramentas de traballo. EXPTE. 13393-445" que rematou o día 3 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta".

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 6 de maio de 2019, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445) por non terse presentado proposición ningunha en prazo".*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:18	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74C-C3DE2B-4AB3D2-UTPBSE-LS78GP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		